

Dña. Esperanza Fernández Iago
Directora de Recursos Humanos do SERGAS
Edificio San Lázaro
Santiago de Compostela

Estimada directora,

Diríxome a vostede como presidente da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC) para facerlle chegar a miña preocupación polas informacións recibidas, na nosa asociación, acerca da oferta pública de emprego en curso. A nosa queixa é que, mentres no concurso de traslados se ofertaron todas as prazas dispoñibles para os propietarios que se trasladan, ademais de sumar a estas, tamén, as prazas "de resultas"; na OPE 2008 non vai suceder isto, ao subtraer aos novos propietarios determinadas prazas co argumento de primar as coberturas de prazas "máis difíciles ou menos atractivas", co resultado, evidentemente inxusto, de que nas mellores prazas queden os profesionais interinos e os propietarios permanezan nas prazas menos atractivas inicialmente.

Desde a nosa asociación, consideramos un agravio para os profesionais que realizaron o esforzo de prepararse e aprobaron unha oposición o non lles permitir o acceso a todas as prazas vacantes que haxa no momento da elección. Fraco favor facemos aos profesionais se ven que o seu esforzo non é valorado e que os compañeiros que suspenderon a oposición ocupan prazas que eles non teñen a posibilidade de elixir.

Esperamos que desde a súa dirección se dean as instrucións ás xerencias de atención primaria para que non se cometa este atropelo aos futuros propietarios médicos de familia e poidan sentirse, así, recompensados no seu empeño en formarse e esforzarse por dar o mellor servizo aos nosos concidadáns.

Atentamente,



Jaime Gonzalez Rey
Presidente de AGAMFEC
Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2010